

## **MATRÍCULA PARA O INGRESO EN TITULACIÓNES UNIVERSITARIAS CON LÍMITE DE PRAZAS DO SUG**

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG)

### **ANUNCIA:**

O **DERRADEIRO PRAZO DE MATRÍCULA** para todos/as os /as alumnos/as de novo ingreso no Sistema Universitario de Galicia en titulacións con límite de prazas nas tres universidades de Galicia.

### **REQUISITOS:**

Soamente poderán matricularse aqueles alumnos/as que posúan unha cualificación igual ou superior á do último/a convocado/a en cada titulación. As relacións de alumnos/as admitidos estarán expostas nos LERD a partir do martes, día 27 de outubro. Os alumnos/as tamén poderán consultar a súa situación nas listaxes de admitidos na Internet (a partir do martes, día 27 de outubro), na dirección [www.cesga.es/ciug/](http://www.cesga.es/ciug/), ou chamando ao teléfono de consulta da CIUG: (981. 52.80.80).

**PRAZO DE MATRÍCULA:** Do **mércores día 28** ata as 14,00 horas do **venres día 30 de outubro**.

**LUGAR E HORARIO:** Das 9,00 ás 14,00 horas.

**Universidade da Coruña:** Os centros onde se imparten as correspondentes titulacións. A matrícula poderá facerse tamén *na Internet* (dirección: <http://matricula.udc.es>).

**Universidade de Santiago:  
Campus de Santiago:** As Unidades de Xestión Académica (UXA) ubicadas nos Campus Norte e Sur.

**Campus de Lugo:** A Unidade de Xestión Académica (UXA) ubicada no Campus de Lugo. A matrícula poderá facerse tamén *na Internet* (dirección: <http://matricula.usc.es>).

**Universidade de Vigo:** Os centros onde se imparten as correspondentes titulacións. A matrícula poderá facerse tamén *na Internet* (dirección: <http://www.uvigo.es> alumnado: AUTO-MATRÍCULA).

**DOCUMENTACIÓN:** A requirida nos sobres de matrícula de cada Universidade.

Todos os/as alumnos/as convocados a matricularse neste derradeiro prazo deberán facelo obrigatoriamente; de non facelo, decaerán dos seus dereitos e quedarán excluídos do proceso de matrícula en titulacións con límite de prazas.

Os alumnos/as non convocados poderán matricularse nas **titulacións sen límite de prazas**, nos prazos que a tal efecto establezan as respectivas Universidades. Ademais, poderán facer a súa solicitude, nos prazos que establezan as respectivas universidades, para aquelas **titulacións con límite de prazas nas que non se cubriron todas as prazas aprobadas para o curso 2009-2010 polo Consejo de Coordinación Universitaria**.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2009

Manuel R. Bermejo Patiño  
Presidente da **CIUG**

\*EXCMOS. SRES. REITORES MAGFCOS. DAS TRES UNIVERSIDADES DO SUG.-

\*SRES. XEFES DOS SERVIZOS DE ALUMNADO DAS TRES UNIVERSIDADES DO SUG.-

\*SRES/AS ENCARGADOS/AS DOS LERD.-

\*SRES/AS. RESPONSABLES DAS OFICINAS DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA (OIU, SAPE, SIOPE).-

\*SRES. XEFES DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DAS TRES UNIVERSIDADES DO SUG.-

\*SRES. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA DA USC.-

\*SR. RESPONSABLE DO SASUGA.-